



COMUNICADO Nº 211/19
13 DE SETEMBRO DE 2019

ACLARACION A BULOS DUN MEDIO RADIOFÓNICO REXIONAL:

Nos últimos programas dun medio radiofónico rexional onde Don I.G. e Don J.G., titular dunha páxina web, están a insinuar falsos abusos de poder faltando á verdade sobre a “Federación Galega de Automobilismo”, inventando esixencias económicas inexistentes a unha Asociación que loita contra o Cancro Infantil, levando a cabo unha interpretación errónea do “Código Deportivo Internacional”, da regulamentación contida no Anuario da “Federación Galega de Automobilismo 2019”, e do regulamento particular da “VI Subida a Xunqueira de Ambía”. Ante estas afirmacións que non se corresponden coa realidade, a Asesoría Xurídica da Federación Galega de Automobilismo en aras da transparencia e o amparo da legalidade vixente expón:

- 1.- O medio radiofónico en cuestión non contrastou as informacións vertidas coa Federación Galega de Automobilismo.
- 2.- En ningún momento se lle esixiu partida económica algunha á Asociación en cuestión, e só se lle advertiu que tiñan que contratar dous tipos de seguro, de danos a terceiros, e de danos ós deportistas, como esixe a nova Lei de Circulación.
- 3.- Explicóuselle á Presidenta da Asociación que ó amparo da nova Lei do Deporte, Lei 3/2012, de Galicia, a autorización administrativa podía ser expedida pola - Federación ou pola Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Salceda de Caselas, ó sela vía pública titularidade exclusiva do Concello.
- 4.- En ningún momento, e en ningunha proba dos diferentes Campionatos de Galicia de Automobilismo o Presidente da Federación Galega de Automobilismo toma decisións deportivas, sendo a competencia exclusiva a dos Comisarios Deportivos de cada proba (árbitros).
- 5.- Os deportistas teñen que presentar escrito ó efecto de calquera reclamación ó Relación cos Participantes, para que de traslado ó Colexio de Comisarios Deportivos, segundo a normativa do Código Deportivo Internacional, da FIA, coas caucións correspondentes de 600 euros (reclamación) e 1000 euros (apelación) que serán devoltas no caso de ter razón o reclamante ou apelante.
- 6.- É de pouco profesionais preguntar ó Señor Aviñó por temas de Campionatos ou probas deportivas de Galicia, e dos Galegos, xa que a **competencia en materia deportiva a posúe Galicia en “exclusiva”** dacordo co noso Estatuto de Autonomía, Artigo 27.2, desde o inicio da nosa Autonomía e da Xunta de Galicia.
- 7.- Para non estendernos máis e para clarificar calquera tipo de dúbida invitamos ó medio radiofónico (E. Radio) a que se poña en contacto co Presidente da “Federación Galega de Automobilismo”, cousa que non fixeron ata a data, para contrastar o que afirman no “seu programa” antes de “desinformar” en termos que non se axustan á realidade nin á cronoloxía dos feitos acaecidos.